



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ  
BALNEARIO

**Expediente núm.: 169/2022**

**Procedemento:** Concurso de proxectos con intervención de xurado para a contratación de servizos de redacción de proxecto de recuperación do espazo público da contorna dos hoteis.

Reúñese no Salón de Actos da Casa Consistorial, o día 13 de setembro de 2022 ás 9:00 horas, a Comisión para proceder á apertura do sobre 2 do Concurso de proxectos con intervención de xurado para a contratación de servizos de redacción de proxecto de recuperación do espazo público da contorna dos hoteis, para tratar sobre corrección de erro na acta da reunión de data 22 de agosto de 2022.

En data 22 de agosto de 2022 subscribiuse a seguinte acta de apertura do sobre 2 do Concurso de proxectos con intervención de xurado para a contratación de servizos de redacción de proxecto de recuperación do espazo público da contorna dos hoteis, tal e como se establece na cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o concurso

**“ACTA DE APERTURA SOBRE 2**

Reunidos no Salón de Actos da Casa Consistorial, o día 18 de agosto de 2022 ás 9:00 horas, constitúese a Comisión para proceder á apertura do sobre 2 do Concurso de proxectos con intervención de xurado para a contratación de servizos de redacción de proxecto de recuperación do espazo público da contorna dos hoteis.

A composición da Comisión é a seguinte:

Presidente:	JOSE ANTONIO LORENZO RODRÍGUEZ, ALCALDE DO CONCELLO
Secretario:	ADOLFO CASTRO CARPINTERO, SECRETARIO INTERVENTOR DO CONCELLO
Vogal	ANA CELIA BARCIA RODRÍGUEZ, TÉCNICA DO CONCELLO

Propostas presentadas:

	Participante	3 paneis rixidos	Memoria xustificativa	Cd/DVD
1.	“Escoita a auga, sente a vila”	X	X	X
2.	“Riz Munda”	X	X	X
3.	“Esvara a auga”	X	X	X
4.	“Mondariz 22”	X	X	X
5.	“Haiku”	X	X	X
6.	“Buvette”	X	X	X



Cod. Validación: 3R74HS3XWYZDF9NNDMT9EH2Y | Corrección: <https://mondarizbalneario.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



## CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

Segundo o previsto na Base 13 do Concurso de proxectos con intervención de xurado para a contratación de servizos de redacción de proxecto de recuperación do espazo público da contorna dos hoteis, procederase a convocatoria de reunión do Xurado, para valoración de ofertas.

O Presidente dá por terminada a reunión ás 9:50 horas. E para que quede constancia do tratado, eu, o Secretario, redacto acta que someto á firma do Presidente.”

Obsérvase que se produciu un erro na súa redacción, a saber: non se recolle unha das propostas presentadas en tempo e forma e aperturadas no acto realizado en data 18 de agosto de 2022, a presentada polo lema “Árbores e círculos”.

Sálvase o erro de transcripción incluíndo na relación de participantes anteriormente descrita a proposta por erro omitida, pasando a ser a relación de participantes a seguinte por orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello:

	<b>Participante</b>	<b>3 paneis rixidos</b>	<b>Memoria xustificativa</b>	<b>Cd/DVD</b>	<b>Nº Rexistro de entrada</b>
<b>1.</b>	“Esvara a auga”	X	X	X	2022-E-RC-711 29/07/2022
<b>2.</b>	“Riz Munda”	X	X	X	2022-E-RC-720 29/07/2022
<b>3.</b>	“Mondariz 22”	X	X	X	2022-E-RC-739 01/08/2022
<b>4.</b>	“Haiku”	X	X	X	2022-E-RC-740 01/08/2022
<b>5.</b>	“Buvette”	X	X	X	2022-E-RC-741 01/08/2022
<b>6.</b>	“Escoita a auga, sente a vila”	X	X	X	2022-E-RC-742 01/08/2022
<b>7.</b>	“Árbores e círculos”	X	X	X	2022-E-RC-743 01/08/2022

Asinado dixitalmente.



Cod. Validación: 3RT4HS3XWYZDF9NNDMT9EH2Y | Corrección: <https://mondarizbalneario.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2